

## Agrupación Deportiva e Cultural "Vales Villamarín"

AADC Vales Villamarín foi creada o 13 de xuño de 2002 por un grupo de pais e nais pertencentes á ANPA, co obxecto de organizar as actividades extraescolares do CEIP Vales Villamarín segundo os criterios dos pais e das nais. Inicialmente asumíuse a organización das actividades deportivas, baixo o criterio de ofertar actividades deportivas nas que primase o compoñente pedagóxico sobre o competitivo, que facilitasen a integración d@s nen@s nas actividades deportivas mediante un custe baixo, e que promovesen a práctica de deportes alternativos, ofertando un abano de deportes cada vez máis amplo.

As actividades que organiza a ADC, foron aumentando

progresivamente de participación, pasando dos 74 participantes no curso 02/03 ós 203 do curso actual. As actividades organizadas pola ADC, aumentaron en cada curso, iniciándose no curso 02/03 con fútbol sala, baloncesto e ciclismo. Na actualidade, a ADC ofrece as actividades de fútbol sala, baloncesto, actividade polideportiva, karate, psicomotricidade e xogos lúdicos, psicomotricidade e iniciación ó fútbol sala e baile galego.

A ADC organiza tamén o Torneo Interclases, competición mediante a cal preténdese dinamizar a actividade deportiva entre @s nen@s do CEIP malia non participar durante o ano en ningunha, e tamén pretende que @s

nen@s aprendan a organizarse en equipos e a xestionar a súa participación nestes.

O torneo, que na súa primeira edición contou con preto de 150 participantes, leva xa dous anos cunha participación de preto de 500 nen@s. Para a organización das actividades cóntase coa colaboración dos clubs de Betanzos que asimilen a filosofía deportiva da ADC, co cal lamentablemente non foi posible con todos, e así pese a iniciar no primeiro ano unha colaboración en fútbol sala co Troula F.S. e en baloncesto co Sto. Domingo, actualmente só este último segue a colaborar, connosco na actualidade tamén colabora connosco o Clube Sin Ghi Tai de Karate

e A Asociación As Garelas. Contamos tamén con dous monitores que se encargan do resto das actividades e que son Felipe Silva e Alberto Rey, os dous diplomados en Educación Física e con experiencia anterior no CEIP.

Xa por último, queremos salientar que a financiación das actividades depende en grande parte do esforzo económico dos pais, que asumen un 40% do custo, estes colaboran aboando as cotas de participante, comprando calendarios, lotería do nadal, etc., Outro piar importante son as subvencións das diferentes administracións, (acheга dun 40%), e por último os patrocinadores privados que asumen o 20% restante.

### O ANO ESCOLAR REMATA O DÍA 26 DE XUÑO.

Remata un novo curso, e todos sabemos o difícil que é educar ós nosos fill@s. A labor formativa dos mestr@s, complementaria o noso traballo como nais e pais, e a súa involucración, creemos as veces tras pasa os límites do laboral. Por iso parécenos xusto agradecerlles o traballo que fixeron día a día cos nosos fill@s. Moi agradecidos, e un abrazo para todos.

### O Vales xa conta con comedor escolar

A partir do mes de marzo comenzo o servizo de comedor no colexio. Actualmente, entre esporádicos, fixos e fixos discontinuos, contabilízanse un total de 50 nenos (aproximadamente) que fan uso deste comedor.

Debido ó satisfactorio da experiencia anticipámosvos que seguiremos contando con este servizo para o vindeiro curso.

As reservas para os nenos que están interesados neste servizo poden facer a reserva na secretaría do centro.

### Paradas de bus escolar gratuitas

Liñas nº 7 e nº 8.

Despois de acadar este servizo, queremos aclararvos que en caso de que haxa máis nenos ca prazas, aplicarase un criterio de selección que nos vén imposto pola Consellería de Educación (a distancia do domicilio dos alumnos o colexio).

### Xubilacions de profesores

A finais deste curso xubilanse seis mestr@s deste colexio, Manuel Agraso Carballido, Margarita Sánchez López, Benigno Sánchez López, Mª Carmen López Mahía, Socorro Benito Nuñez e Nieves Casal Sánchez. Aproveitamos dende aquí para facerlles chegar o noso agradecemento pola dedicación prestada a este colexio.

### Melloras no pabillón polideportivo

En estreita colaboración coa agrupación deportiva do colexio, conseguíuse a reparación de goteiras, e doutros desperfectos, así como a próxima colocación por parte do concello, dunha cortina que nos permita dividir a pista, para poder facer varias actividades ao mesmo tempo.



Pabellón Deportivo Vales Villamarín.

## ¿Novo colexio?

### ¡¡ IMPRESCINDIBLE !!

Resulta inaplazable a toma de decisión da construción dun novo colexio, sinxelamente NON COLLEAMOS, pedímoslle ás administracións que, por unha vez anticipen as solucións ós problemas.

Aproveitamos para advertir que estamos dispostos a reclamar ante quen sexa, e da forma que sexa, esta necesidade imperiosa.

A modo de exemplo, comen tarvos a habilitación dunha nova aula de educación infantil no edificio de primaria, co que xa serían tres para o próximo curso.

Isto implica a supresión das aulas de inglés e o agravio comparativo que supón para estes nenos con respecto aos seus compañeiros que quedan no edificio de infantil.

A opinión do lector.

Necesitamos encher este espazo coas vosas opinións, suxestións, críticas, etc.

O Concello de Betanzos acaba de facer a promesa de adecuar durante o verán a zona do aparcadoiro e sanear a zona empantanada e chea de vexetación que esta enfrente do colexio.

### Patio cuberto de Infantil.

Despois de moitos sensores, enganos e atrasos, esperamos que cando leades este as obras xa rematasen.

Segundo a empresa constructora, os materiais empregados son de última xeración e contribuirán a

mellorar a seguridade dos nenos no patio.

Aproveitamos para agradecerlle ó delegado de educación, D. Pedro Armas, a dilixencia na resolución do proxecto, que algún antecesor seu non vía necesaria.

### Proxectos de futuro.

Por parte da ANPA:

- 1.- Creación dun carné de socios, que nos permita establecer algún tipo de convenio comercial.
- 2.- Contratación dunha póliza de responsabilidade civil para cubrir a todos os asociados a ANPA.
- 3.- Posibilidade de establecer os almozos escolares, recollida de nenos a primeira hora da mañá.

Para anunciarse  
chamar ó  
654.123.640  
Mª José

CONFECCIONES  
**CHELA**  
NIÑO - NIÑA Y BEBÉ  
Calle de Gerardo Claudio Pita, 11  
Tel: 981 77 13 48  
BETANZOS

**B&B**  
LIBRERÍA PAPELERÍA  
Jov. Form. 2  
15300 BETANZOS  
Tel: 981 774 722  
Fax: 981 775 807

**MARAN**  
BOGA DE TRABALLO  
EQUIPO DE PROFESORES  
Rúa. Xaimes Gaxiola Marín, 10 B-100  
15200 - Betanzos  
Calle Galicia  
Teléfono 774689  
Margarita Castro

**Tallería Cristal**  
C/ Julia Pinedillo, 2 - Ba Corral  
Tel: 981 77 30 07  
Betanzos

**expert**  
Comercial **SUSO S.L.**  
ELECTRODOMÉSTICOS  
Alcalde Becerra, 16-18  
15300 BETANZOS  
Tel. 981 77 02 51

**DONÍN**  
LIBRERÍA PAPELERÍA  
Rúa do Rouco, 32  
15300 BETANZOS  
Teléfono 981 77 24 49  
http://www.donin.es

**aula de informática**  
Rúa do Rouco, 32 - Baio  
Teléfono - Fax: 981 77 30 07  
15300 BETANZOS

**EL CANTON**  
Ropa interior  
Cantón Claudio Pita, 6 • Tel: 981 773 947  
BETANZOS



Asociación de nais e pais de alumnos  
 Colexio Público "Fco. VALES VILLAMARÍN"  
 Apartado 41  
 15300 — BETANZOS (A Coruña)

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Nome do pai ou titor:.....

Nome da nai ou titora:.....

Enderezo:.....

Teléfono:.....Teléfono:.....

Número de fillos no centro:.....

Datos dos alumnos:

APELIDOS	NOME	CURSO
1.-		
2.-		
3.-		
4.-		
5.-		

Cota de afiliación: 12 Euros (POR UNIDADE FAMILIAR)

PARA ENTREGAR NA SECRETARÍA DO CENTRO AO COMENZO DO CURSO 2006/2007.

Recortar pola línea de puntos.



ANO: 1

## CEIP FCO. VALES VILLAMARÍN

BOLETÍN N° 1 - ANO 1

BETANZOS XUÑO 2006

## Saúdo da directiva da ANPA

Ante vós tedes o primeiro número do boletín informativo da ANPA do colexio. Esperamos e desexamos que sexa do agrado de todos.

A xénese deste proxecto acontece despois de observar, e nalgún caso sufrir, a terxiversación de informacións e mesmo a falta delas. Por tal motivo cremos conveniente informar a pais e nais do que acontece no colexio.

Pretendemos que esta publicación sexa unha tribuna aberta, na que poida participar toda a comunidade educativa sen ningún tipo de atranco e cortapisas, exceptuando a propia dimensión modesta da edición.

Convidamos a nais, pais, mestras e mestres, persoal auxiliar, nenos e nenos a que fagan súa esta aventura que comenzamos coas colaboracións que queirades e que podeades remitirnos o buzón do que dispoñemos na secretaría do colexio, os traballos poden ir asinados ou ser anónimos.

Imos intentar que este boletín apareza de forma mensual. Só estamos á espera de que a disposición de tempo e as axudas necesarias nolo permitan.

Os contidos serán unha mestura de información e opinión, exclusivamente acerca do día a día do colexio. Non publicaremos nin opinións políticas nin calquera artigo que poida ferir a sensibilidade de laguen. Isto non é óbice para facer calquera tipo de crítica. Sen máis, aproveitamos para facervos chegar a todos e cada un dos que leades esta pequena editorial o noso saúdo máis agarimoso.



Colexio Fco.Vales Villamarín (Betanzos)

Pedro Gómez Patiño,  
 Presidente da ANPA.




Para anunciarse chamar  
 ó  
 654.123.640 Mª José

## TALLER MECÁNICO

HERMANOS OTERO

Manuel y Carlos Otero Álvarez



Vales Villamarín, 22 Bar.  
 Telf. 981 268 730  
 15906 La Coruña

INSTRUMENTACIÓN  
**MARTÍÑO, S.L.**  
 PONTANERÍA  
 CALIBRACIÓN  
 AGUA  
 GAS

Rúa das Mariñas, 1 bajo  
 Telf. 981 77 23 14 - Móvil 629 86 94 94  
 15300 BETANZOS (A Coruña)

**Nenos**  
 comida infantil

Tel. 981 77 23 14  
 Rúa de Castro, 1  
 15300 BETANZOS

**O CESTIÑO**

Tel. 981 77 23 14  
 Rúa de Castro, 1  
 15300 BETANZOS

## Francisco Vales Villamarín



D. Francisco Vales  
 Villamarín

Profesor e historiador, naceu en Betanzos o 7 de maio de 1891 (24 de agosto de 1982). Publicou unha treintena de obras relacionadas coa súa cidade natal.

Foi secretario perpetuo da Real Academia Galega, membro do Instituto José Cornide e da Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, entre outras institucións culturais. Entre as medallas e distincións que acadou destacan: Fillo Predilecto de Betanzos, Orden de Alfonso X o Sabio, premio vitalicio da Fundación Barrié de la Maza, medalla de prata de Betanzos, medalla do Mérito no Traballo e medalla do Mérito Cultural.

Betanzos deulle o seu nome ó colexio público do municipio. Dende moi xoven dedicouse á docencia, actividade na que seguiu as doutrinas da Institución Libre da Ensinanza. Foi o creador das Irmandades da Fala de Betanzos, director das colonias escolares coruñesas promovidas polo Museo Pedagóxico Nacional, director do Anuario Brigantino, investigador histórico e cronista oficial de Betanzos.

TALLERES  
**GAYOLO**

